FAKTORIA K DE LIBROS

Texto: **JOXAN ORMAZABAL**
Ilustracións: **IRAIA OKINA**
Tradución: **SILVIA PÉREZ**

Encadernado en cartoné
32 páxinas a toda cor. 21x30 cm.
Dispoñible en:

-Galego: "Soños de circo"
ISBN 978-84-96957-56-5
-Castelán: "Sueños de circo"
ISBN 978-84-96957-57-2
-Éuscaro: "Zirkua amets" (Faktoría K-Pamiela)
ISBN 978-84-7681-578-6
Prezo: 14 €




# SOÑOS DE CIRCO

**Había tempo que a miña avoa me dicía que un día me levaría a ver o circo.**
**E por fin onte pola tarde, a avoa e mais eu fomos á estación: iamos ao circo!**
**A viaxe en tren duraba media hora ata a cidade. E ás cinco comezaría a función.**
**No tren sentamos xuntas. Algúns raios de sol coábanse pola ventá e acariciábannos suavemente...**

## II BOLSA ETXEPARE 2008 DE ÁLBUM INFANTIL ILUSTRADO EN ÉUSCARO

"Soños de circo" é a historia dunha dobre viaxe: real e imaxinaria, unha viaxe de ida a un mundo onde ata o imposible é posible, e unha viaxe de volta ao mundo presente. Un libro que lles ofrece aos pequenos lectores a oportunidade de soñar espertos...

As protagonistas emprenden unha aventura ilusionante que acaba converténdose nun soño fantástico. A obra transpórtanos ao mundo máxico do espectáculo circense, tan atractivo para a infancia. Un soño dentro doutro soño, onde se mesturan malabaristas, pallasos e elefantes feitos de nube, con artistas e espectadores de carne e óso. Un soño que, por un momento, tamén se volve pesadelo...

A obra de Joxan Ormazabal e Iraia Okina foi galardoada en 2008 coa II Bolsa Etxepare, un certame organizado por 23 entidades locais (concellos e mancomunidades) de Navarra coa axuda de Euskarabidea/Instituto Navarro do Éuscaro, para premiar o mellor proxecto de creación dun álbum infantil nesa lingua. O xurado -formado por Manu López, Elena Odriozola, Agurtzane Villate e Xabier Etxaniz- destacou a estrutura circular de "Soños de circo", que aborda maxistralmente os medos dun neno.



Dende o punto de vista estético, a historia transcorre nun escenario minimalista, onde abundan as cores suaves e tenues, que reflicten o universo onírico do conto.

- **Temática**: relato onírico; circo; viaxes
- **Idade recomendada**: dende 7 anos
- **Aspectos destacables**: II Bolsa Etxepare de Álbum Ilustrado en éuscaro

### JOXAN ORMAZABAL (Tolosa, Guipúzcoa, 1948)

Escritor e tradutor. Estudou Maxisterio e foi profesor durante dez anos, época na que empezou a escribir contos para nenos, nos que destacan as súas pinceladas de humor e fantasía. Posteriormente incorporouse ao equipo da editorial Elkar, de Donostia. Publicou máis dunha vintena de libros infantís en éuscaro, que tiveron moita difusión en Euskadi.

### IRAIA OKINA (Durango, 1980)

Licenciada en Belas Artes. A súa obra, caracterizada por un estilo suxerente e delicado, expúxose en varias salas de Arte. Compaxinou o ensino coa realización de ilustracións de álbums para varias editoriais vascas. En 2006 publicou o seu primeiro traballo e dende entón adícase en exclusiva á súa faceta artística.